



Auditorio de Vilagarcía



Sala de Exposicións  
Antón Rivas Briones



# XUSTAPOSIÇÃO

sabela baña | patricia bombín | pere-mártir brasó | montse gutiérrez  
guillermo pedrosa | betlem planells | marc quintana | sanzso | nolo suárez

Concello de  
Vilagarcía



de Arousa

# XUSTAPOSIÇÃO

sabela baña | patricia bombín | pere-mártir brasó | montse gutiérrez  
guillermo pedrosa | betlem planells | marc quintana | sanzso | nolo suárez

Sala de Exposicións Antón Rivas Briones e Auditorio Municipal / Vilagarcía de Arousa  
29 de xullo ao 30 de agosto de 2008

## FICHA TÉCNICA

### Edita

Concello de Vilagarcía de Arousa

### Alcaldesa

Dolores García Giménez

### Concelleiro de Cultura

Xosé Castro Ratón

### Técnico de Publicacións

Manuel Villaronga García

### Texto catálogo

Emma González

### Coordinación exposición

Mónica Borrás

### Colabora

Anotarte Espacio Creación

### Diseño e Maquetación

Carlos Crespo

### Imprime

Gráficas Salnés

### Depósito Legal

PG 496-2008



Ilma. Alcaldesa do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa  
Dolores García Giménez

5

Concelleiro de Cultura  
Xosé Castro Ratón

## ARRIBAR A BO PORTO

7

Vilagarcía é mar. E por ser mar, naceu porto. É esa cualidade de porto de mar, cultivada durante séculos, a que determinou o carácter da cidade e dos seus cidadáns. Unha Vilagarcía aberta e mestiza, sempre disposta a escoitar o que os demais nos queiran contar.

Como porto de mar, Vilagarcía acolleu a todo aquel que tiña iniciativa, como Bargés ou Ravella, dous grandes alcaldes que, sen embargo, naceran cataláns. E cos cataláns aprendemos novas artes de pesca que servirían de base para crear a industria conserveira galega.

Como porto de mar, Vilagarcía tamén foi, e é, porto e praia de Compostela.

Como porto de mar, Vilagarcía foi igualmente punto de embarque para milleiros de galegos que buscaron na Arxentina unha segunda patria.

Sen Cataluña, Compostela e Arxentina sería moi difícil comprender o que hoxe é Vilagarcía. A nosa cidade é pois, como esta mostra que presentamos, unha xustaposición.

Son galegos, son cataláns e é arxentina. Son nove creadores que utilizan distintos materiais, soportes e estilos, viven e traballan en lugares diversos, cursan singraduras diferentes, pero os nove teñen algo en común: navegan polo mesmo mar, usan a mesma linguaxe, a arte como forma de apreender a realidade.

Iso e outra cousa máis os une: a feliz idea de xustapoñerse en Vilagarcía. Sen dúbida, arribaron a bo porto.

Dolores García Giménez

Alcaldesa-Presidenta de Vilagarcía de Arousa.

## TERRITORIOS XUSTAPOSTOS

9

Só en Galicia, cada ano, se licencian ao redor de 50 novos artistas. É o resultado dos estudos que realizaron na xa máis que coñecida, aínda que aínda nova, Facultade de Belas Artes de Pontevedra. A iso hai que engadir os artistas formados fóra de Galicia, nas escolas de Artes e Oficios e os autodidactas que elixen o medio artístico para expresarse. Todo isto crea a necesidade de conseguir espazos axeitados para que todos eles poidan expoñer os seus traballos e poñelos a disposición dos espectadores. A exposición que nos ocupa, Xustaposicións, reúne nove artistas que non coinciden en idade, nin en lugar de nacemento -catro deles son galegos, catro cataláns e unha natural de Bos Aires-, nin en formación; nin sequera os une unha temática común nin un modo similar de traballar. Exprésanse a través da arte e propoñen un camiño case sempre da man da pintura, traballan a bidimensionalidade e mostran ao espectador as súas pezas dende diferentes puntos de vista, distintos modos de ver e entender a pintura para conformar un crebacabezas que encaixe perfectamente. Xa Nietzsche propoñía ver a ciencia a través da mirada do artista e a arte, a través da vida, apoiando o labor do artista como necesaria na sociedade. Van Gogh afirmaba nas súas Cartas a Théo: "Non coñezo mellor definición da palabra arte que esta: o home é a arte agregada á natureza; a natureza, a realidade, a verdade, pero cun significado, cunha concepción, cun carácter, que o artista fai resaltar, e aos cales dá expresión, que redime, que desenreda, ilumina."<sup>1</sup>

Sabela Baña utiliza a cor e a xeometría como elementos fundamentais nas súas creacións, que se nos presentan cunha cómoda lectura, de ritmos lentos pero seguros que fan que formas, superficies e figuras se combinen para chegar a un resultado equilibrado e harmónico.

Patricia Bombín manexa con destreza a composición, os campos cromáticos expándense e contraen e os focos lumínicos logran centrar a atención do espectador. O resultado é unha pintura evocadora, que pode ofrecer varias lecturas e logra trasladarnos a lugares vividos ou soñados.

<sup>1</sup> *Cartas a Théo, Vincent Van Gogh, Ed. Labor, Barcelona, 1992, pág. 35*



Montse Gutiérrez sèrvese da fotografía como elemento previo á posterior plasmación pictórica, é a súa unha mirada próxima, que nos presenta vivencias, soños; formas pop cargadas de lirismo narradas a través dunha linguaxe recoñecible e persoal.

Pere-Mártir Brasó inventa paisaxes nas que podemos observar un longo percorrido, con reminiscencias surrealistas, impresionistas e expresionistas. Trátase dunha pintura serena, comprometida en ocasións, pero na que sempre aparece a pegada do observado, do vivido, a experiencia plasmada no lenzo.

Guillermo Pedrosa crea pezas nas que subxacen elementos informalistas, nomes como Tápies, Lucio Fontana ou o máis próximo, Leopoldo Nóvoa, poden ser citados como referentes deste artista que experimenta co matérico e logra alcanzar un equilibrio entre forma e presentación.

Betlem Planells sèrvese da pintura para trasladarnos a un universo particular no que a cor adquire un protagonismo indiscutible pola coidada elección deste. Os seus traballos apostan por presentar paisaxes próximas á abstracción lírica e que, en ocasións, son reforzados pola presenza da palabra.

10 Marc Quintana descóbrenos unha linguaxe enchida de iconas, de simboloxía da cidade, dos personaxes que a habitan e dos obxectos que a poboan, ás veces representados por palabras; dípticos nos que se mestura a pegada da pintura con imaxes da modernidade.

Na obra de Sanzsoto convive unha grande potencia plástica xunto a un forte contraste cromático que configuran unha serie de creacións próximas a postulados expresionistas. As súas obras fálannos de violencia e calma, de cor e acción, de forza e sutileza.

Nolo Suárez constrúe paisaxes nas que, a través das diferentes tonalidades, podemos falar de auga, de terra; paisaxe que case consegue "moverse", pezas que nalgúns casos nos fan recordar artistas do talle de Antón Lamazares. Pintura que se torna case partitura para interpretar o ritmo que marca a natureza.

Territorios xustapostos, distintas formas de facer, atopadas nun mesmo lugar. A creación contemporánea relacionada co ámbito xeográfico no que nacemos ou vivimos, Barcelona, Compostela, Tarragona, Ferrol, A Coruña, Bos Aires ou Vilagarcía, concibidos como territorio dende o que parten confluindo nesta mostra que, entendida como espazo simbólico, pretende aglutinar reflexións, puntos de vista, ideas que nos falan de identidade, proximidade ou de modos diferentes de vivir, de crear. Territorios, porcións da superficie terrestre ou lugar concreto onde vive alguén e xustapoñer, sinónimo de posicionado xunto a. Lugares de encontro, coincidencia, punto de partida e de chegada dos traballos de nove artistas. "O esencial da pintura é ese algo, esa goma etérea, ese produto intermedio que o artista secreta con todo o seu ser creativo, e que só el ten o poder de poñer, incrustar e impregnar na materia pictórica da pintura". Yves Klein<sup>2</sup>.

Emma González Rey

<sup>1</sup> *Movimientos artísticos desde 1945*. Edward Lucie-Smith. Ed. Destino. Barcelona, 1995. páx. 124

MONTSE GUTIÉRREZ 29

(O Seixo, A Coruña)






Kiss. Acrílico / lenzo. 162x146 cm.

Lavar y secar las setas, colocar en un recipiente de cristal. Picar finitos el pimiento y el cebollino. Esparcir las setas con el pimiento y el cebollino.



Salpimentar y regar con el jerez y el aceite  
colocar en el recipiente de 8 minutos  
A la hora de la comida y dejar un minuto  
más





**Waiting**  
Acrilico / lenzo.  
195x130 cm.



**Dazanove years ago.** Acrilico / lenzo, 162x146 cm.

